



CONTOS QUE
CONTAXIAN ILUSION

bibliotecainfantil.fundaciononce.es



1

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



RAMON
Paleontólogo de profesión

2

Sobre o TEA

O Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) está relacionado co xeito no que se desemvolve e funciona o noso **CEREBRO**.

É como “**INVISIBLE**” porque cada persoa ten o seu propio aspecto físico.



Algúns falan moito, outros pouco.
Hainos que se comunican con **IMAXES**.

En ocasións poden facer **MOVEMENTOS** repetitivos coas mans o insistir en facer as cousas do **mesmo xeito**.

Nalgúns casos, as persoas con TEA teñen **capacidades extraordinarias** para algunha actividade como o **cálculo**, O **DIBUXO** ou a **música**, pero non ocorre sempre.

3

Teñen en común o modo de **RELACIONARSE** cos demais, que é **DISTINTO** ao habitual.

Como ás veces non se dan conta das reaccións das outras persoas, pode parecer que non lles importa, pero non é así.

Sinxelamente precisan que lles expliquemos con palabras como nos sentimos.

A súa comunicación tamén é diferente. Contan as **mesmas cousas** unha e outra vez, o que pode facer que os demais “**deSconecten**”.

É como cando pos a radio e non a escoitas ben e decides apagala... Apagar a voz do protagonista deste conto, faríate perder a oportunidade de coñecer a alguén **MOI ESPECIAL**.

Con Ramón descubrirás o **TALENTO** e as **CAPACIDADES** das persoas con autismo.



4

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

SSSHHH! Silencio.

Non fagades ruído. Os sons fortes pónenme
UN POCO NERVIOSO.


Ademais, estou a punto de descubrir o dinosauro
máis grande do planeta, e preciso CONCENTRACIÓN...

Non me gusta distraerme das miñas cousas...

TACHAN! ! Aquí está.

O dinosauro máis grande do mundo.

Xa, xa sei que só é un debuxo,
pero é que eu me expreso mellor a través de
imaxes
e
fotos..




Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Preséntome. Son **RAMÓN** e vou ser
PALEONTOLOGO DE PROFESIÓN

Así de seguro estou, e iso que só teño 9 anos...



Sobre os **DINOSAUROS** direivos que os coñezo todos.
Sei cando viviron, canto mediron, e ata que comeron...

O estraño **Deinocheirus**,
o vistoso **Therizinosaurus**,
o temible **Utahraptor** e o meu favorito,
o descomunal **TURIASAURUS**, un dinosauro
que viviu na Península Ibérica
hai centos de miles de anos e que é o
mais grande de toda Europa.

A este voulle pór o nome de **Mamisaurius**
 na honra da miña **RAI**,
 que me abraza coma ninguén.

Aínda que Bea, miña irmá, tamén me aperta dabondo.

EU RESÍSTOME BASTANTE.

Non me gusta que me abracen forte ou que o fagan
SEN ME AVISAR.



A mamá e a Bea déixolle que o fagan
 porque sei que se poñen **moi tedas**
 cando lles dou un bico, pero os demás
terédeos que aguantar
 unicamente cos meus debuxos.



Mamá é **MOI OBSERVADORA**.
 Cando tiña ano e medio, foi a primeira
 en darse conta de que había en min **sinais**
 de ter TEA, que son unhas siglas que significan
TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Iso de “**ESPECTRO**” soa a
HARRY POTTER,
A QUE SI?



É que os TEA temos moito de **maxia**.
Mesmo algúns teñen
capacidades extraordinarias.

9

Ao parecer o autismo afecta a **1 de cada 100** nenos,
pero na miña familia resulta que somos dous,
porque **MEU TÍO** (o irmán de miña nai)
tamén o ten, por iso ela pudo
DARSE CONTA tan pronto.



10

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



**"A DETECCIÓN PRECOZ
É DE VITAL IMPORTANCIA"**

Aseverou o médico.

E decontado comenzaron coas
avaliacións
e a **ESTIMULACIÓN**.

A més de **NON XOGAR** con ela ao
"Cu-cú tras", custábame
RESPONDER ao meu nome ou
sinalar co dedo.

11

O que si me gustaba era **DEBUXAR**.

Ao principio o único que facía eran **NÚMEROS**.
A min parecíanme moi divertidos
e papá e mamá dicían que eran números
DO MAÍS CURIOSOS.



12

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Cando se confirmou o **DIAGNÓSTICO**,
pasaron moitas cousas. .

*Preocupación, incerteza...
e por fin a **SEGURIDADE.***



Papá atopou axuda de
PROFESIONAIS que lles ensinaron
a educarme. Agora vexo a
papá e a mamá
XUNTOS XOGANDO
comigo

e comeríaos
a **BICOS**,
e, ao meu xeito,
así o fago.



13

14

AO IGUAL QUE OS NÚMEROS E OS DINOSAURIOS SON O MEU

(con eles divírtome e aprendo moitas cousas),
estou pensando en crear un sistema
de medición de catas para as

ESCAVACIÓN
PALEONTOLÓXICAS.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

A Tecnoloxía

é moi importante
para a ciencia e penso
contribuir cos
meus avances científicos.

Pronto, ademais de
nos meus debuxos,
descubrireinos


DE VERDADE...

escavándoos eu mesmo...

15

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



Que emoción!...

RICHARD OWEN,
OTHIEL CHARLES MARSH,
HENRY FAIRFIELD OSBORN

e claro está,

RAMÓN,
PALEONTÓLOGO
DE PROFESIÓN.